Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, aos padróns e aos elementos gráficos.

4.25.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|-----------------------|----------|
| 25 | WE WENT TO THE CINEMA | 9 |

4.25.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos | NO |
| RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias <u>sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo</u> | NO |
| RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais e frecuentes dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas de planificación, execución e reparación para a comprensión, a produción e a coprodución de textos orais e escritos breves, sinxelos, claros e ben estruturados | NO |

4.25.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.6 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías <u>etnoculturais</u> |
| CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación |
| CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas |
| CA2.10 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia |
| CA3.1 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de forma guiada a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación |
| CA3.3 Interpretouse de forma guiada o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, propios do seu ámbito profesional de especialización ou de relevancia persoal, expresados de forma clara e no rexistro estándar da lingua estranxeira, a través de diversos soportes |
| CA3.4 Producíronse en lingua estranxeira textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa, seguindo pautas e modelos establecidos e facendo uso de ferramentas e recursos analóxicos e dixitais |
| CA3.5 Participouse en situacións interactivas e accións guiadas síncronas e asíncronas, breves e sinxelas, en lingua estranxeira, sobre temas cotiáns próximos ao seu ámbito profesional ou de relevancia persoal, amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das <u>persoas interlocutoras</u> |
| CA3.7 Mellorouse a capacidade de se comunicar en lingua estranxeira utilizando os coñecementos e as estratexias do repertorio lingüístico e cultural propio, con apoio doutras persoas participantes e de soportes analóxicos e dixitais |
| CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia |

4.25.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Discriminacións: causas e consecuencias. Respecto polas minorías étnicas. |
| Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna. |
| Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso. |
| Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. |
| Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. |
| Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; |
| <u>Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir obxectos; situar eventos no tempo; pedir e intercambiar información; describir situacións presentes e expresar sucesos futuros; expresar a posibilidade, etc</u> |

Contidos

Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas.

Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional na que se insire o ciclo formativo e doutros ámbitos persoais do ámbito profesional.

Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a eses padróns.

4.26.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------|----------|
| 26 | IM GOING TO BE HEALTHY | 9 |

4.26.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Identifica, comprende e procura información sobre as causas e as consecuencias dos procesos históricos e a súa permanencia no tempo, así como as características do espazo xeográfico, os seus elementos e as súas interrelacións, recoñecendo o valor dos bens patrimoniais e culturais, o grao de sustentabilidade da contorna e a necesidade de protexelos e de conservalos | NO |
| RA2 - Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información oral e escrita en linguas galega e castelá, e para interpretar textos literarios anteriores ao século XIX nas dúas linguas, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal e aplicando os principios da escoita activa, estratexias <u>sinxelas de composición, as normas lingüísticas básicas e estratexias de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo</u> | NO |
| RA3 - Comunica e interpreta información oral e escrita en lingua estranxeira, en situacións de comunicación habituais e frecuentes dos ámbitos profesional, persoal e público, utilizando estratexias e técnicas básicas de planificación, execución e reparación para a comprensión, a produción e a coprodución de textos orais e escritos breves, <u>sinxelos, claros e ben estruturados</u> | NO |

4.26.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.6 Adecuouse o comportamento propio ao cumprimento dos principios, valores, dereitos e deberes democráticos e constitucionais, identificando os motivos e os argumentos que sustentan a súa validez e rexeitando calquera tipo de discriminación, especialmente a que se dá por motivos socioeconómicos, de xénero, de orientación sexual ou de pertenza a minorías <u>etnoculturais</u> |
| CA1.7 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación |
| CA1.8 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas |
| CA2.10 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese e identificando elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia |
| CA3.1 Aplicáronse estratexias tanto analóxicas como dixitais de procura, selección e organización de información, avaliando de forma guiada a súa fiabilidade e a súa pertinencia en función do obxectivo perseguido e evitando os riscos de manipulación e desinformación |
| CA3.2 Elaboráronse contidos propios a partir de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, procurando e seleccionando de xeito guiado a información máis adecuada, adoptando un punto de vista crítico e respectuoso cos principios de propiedade intelectual e citando as fontes consultadas |
| CA3.3 Interpretouse de forma guiada o sentido global e a información específica e explícita de textos orais, escritos e multimodais breves e sinxelos sobre temas frecuentes e cotiáns, propios do seu ámbito profesional de especialización ou de relevancia persoal, expresados de forma clara e no rexistro estándar da lingua estranxeira, a través de diversos soportes |
| CA3.4 Producíronse en lingua estranxeira textos orais, escritos e multimodais breves, sinxelos, estruturados, comprensibles e adecuados á situación comunicativa, seguindo pautas e modelos establecidos e facendo uso de ferramentas e recursos analóxicos e dixitais |
| CA3.5 Participouse en situacións interactivas e accións guiadas síncronas e asíncronas, breves e sinxelas, en lingua estranxeira, sobre temas cotiáns próximos ao seu ámbito profesional ou de relevancia persoal, amosando empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións das <u>persoas interlocutoras</u> |
| CA3.7 Mellorouse a capacidade de se comunicar en lingua estranxeira utilizando os coñecementos e as estratexias do repertorio lingüístico e cultural propio, con apoio doutras persoas participantes e de soportes analóxicos e dixitais |
| CA3.8 Aceptouse e valorouse a diversidade lingüística e cultural como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten o respecto, a sustentabilidade e a democracia |

4.26.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Contribución da muller á historia: da prehistoria á etapa moderna. |
| Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes feitos históricos que se abordan no curso. |
| Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, malia as limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio. |
| Estratexias básicas para a planificación, a execución, o control e a reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais. |
| Funcións comunicativas básicas dos ámbitos profesional e persoal adecuadas ao contexto comunicativo: saudar, despedirse e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información; dar instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; |

Contidos

Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, na produción e na coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, dos ámbitos tanto profesional de especialización como persoal.

Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, e relacións lóxicas básicas.

Léxico, frases e expresións de uso común da familia profesional na que se insire o ciclo formativo e doutros ámbitos persoais do ámbito profesional.

Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas a eses padróns.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ I

CA1.1. Analizouse a estrutura de textos orais procedentes dos medios de comunicación de actualidade e identificáronse as súas características principais.

CA1.2. Aplicáronse as habilidades básicas para realizar unha escoita activa, identificando o sentido global e os contidos específicos dunha mensaxe oral.

CA1.3. Realizouse un bo uso dos elementos de comunicación non verbal nas argumentacións e nas exposicións.

CA1.4. Analizáronse os usos e os niveis da lingua e as normas lingüísticas na comprensión e aplicáronse na composición de mensaxes orais, e revisáronse e elimináronse os usos discriminatorios, nomeadamente nas relacións de xénero.

CA1.5. Utilizouse a terminoloxía gramatical axeitada na comprensión das actividades gramaticais propostas e na súa resolución.

RA2. Utiliza estratexias comunicativas para interpretar e comunicar información escrita en lingua galega e en lingua castelá, aplicando á composición autónoma de textos breves seleccionados, estratexias de lectura comprensiva e de análise, síntese e clasificación, de xeito estruturado e progresivo.

CA2.1. Valoráronse e analizáronse as características principais dos tipos de textos en relación coa súa idoneidade para o traballo que se desexe realizar e en función da súa finalidade.

CA2.2. Utilizáronse diversas ferramentas de procura na comprensión dun texto escrito, aplicando estratexias de reinterpretación de contidos.

CA2.3. Aplicáronse sistematicamente estratexias de lectura comprensiva na interpretación dos textos, extraendo conclusións para a súa aplicación nas actividades de aprendizaxe e recoñecendo posibles usos discriminatorios desde a perspectiva de xénero.

CA2.4. Resumiuse o contido dun texto escrito, extraendo a idea principal, as secundarias e o propósito comunicativo, e revisáronse e reformuláronse as conclusións obtidas.

CA2.5. Analizouse a estrutura de textos escritos de utilización diaria, recoñecendo usos e niveis da lingua, e pautas de elaboración.

CA2.6. Aplicáronse as principais normas gramaticais e ortográficas na redacción de textos, de xeito que o texto final resulte claro e preciso.

CA2.7. Utilizouse o léxico específico da familia profesional do título.

CA2.8. Desenvolvéronse pautas sistemáticas na elaboración de textos escritos que permiten a valoración das aprendizaxes desenvolvidas e a reformulación das necesidades de aprendizaxe para mellorar a comunicación escrita.

CA2.9. Seguíronse pautas de presentación de traballos escritos tendo en conta o contido, o formato e o público destinatario, utilizando un vocabulario axeitado ao contexto.

CA2.10. Resolvéronse actividades de comprensión e análise das estruturas gramaticais e comprobouse a validez das inferencias realizadas.

RA3. Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura castelá anteriores ao século XIX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.

CA3.1. Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua castelá no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas.

CA3.2. Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información.

CA3.3. Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.

CA3.4. Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.

CA3.5. Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua castelá a partir de textos literarios.

RA4. Realiza a lectura de textos literarios representativos da literatura en lingua galega anteriores ao século XX, xerando criterios estéticos para a construción do gusto persoal.

CA4.1. Contrastáronse as etapas de evolución da literatura en lingua galega no período considerado e recoñecéronse as obras máis representativas.

CA4.2. Valorouse a estrutura e o uso da linguaxe na lectura persoal dunha obra literaria adecuada ao nivel, situándoa no seu contexto e utilizando instrumentos protocolizados de recollida de información.

CA4.3. Expresáronse opinións persoais razoadas sobre os aspectos máis e menos apreciados dunha obra e sobre a implicación entre o seu contido e as propias experiencias vitais.

CA4.4. Aplicáronse estratexias para a comprensión de textos literarios, tendo en conta os temas e os motivos básicos.

CA4.5. Presentouse información sobre períodos, autores/as e obras da literatura en lingua galega a partir de textos literarios.

RA5. Coñece a formación da lingua galega e da lingua castelá e as distintas etapas da súa historia social ata o século XIX, así como os fenómenos de contacto de linguas, sendo consciente da necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo.

CA5.1. Analizáronse as características de formación da lingua galega e da lingua castelá.

CA5.2. Identificáronse as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega e da lingua castelá anterior ao século XX.

CA5.3. Analizáronse os fenómenos de contacto de linguas, atendendo a situacións de bilingüismo, diglosia, interferencias e o conflito lingüístico.

CA5.4. Valorouse a necesidade de normalizar a lingua galega no marco do plurilingüismo, rexeitando os prexuízos lingüísticos.

SOCIEDADE I

CA1.1. Describíronse mediante a análise de fontes gráficas as principais características dunha paisaxe natural, e recoñecéronse esas características no contorno máis próximo.

CA1.2. Explicáronse a localización, o desprazamento e a adaptación ao medio dos grupos humanos do período da hominización, ata o dominio técnico dos metais por parte das principais culturas que o exemplifican.

CA1.3. Relacionáronse as características dos fitos artísticos máis significativos do período prehistórico coa organización social e co corpo de crenzas, e valoráronse as súas diferenzas coas sociedades actuais.

CA1.4. Valorouse a persistencia destas sociedades nas actuais, en especial no territorio galego e peninsular, identificando e comparando as súas principais características.

CA1.5. Discrimináronse as principais características que require a análise das obras arquitectónicas e escultóricas mediante exemplos arquetípicos, diferenciando estilos canónicos.

CA1.6. Xulgouse o impacto das primeiras sociedades humanas na paisaxe natural, analizando as características das cidades antigas e a súa evolución na actualidade no territorio galego e peninsular.

CA1.7. Analizouse a persistencia en Galicia, na Península Ibérica e nos territorios extrapeninsulares españois das sociedades prehistóricas e da Idade Antiga.

CA1.8. Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando tecnoloxías da información e da comunicación.

CA1.9. Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo colaborativo.

RA2. Valora a construción do espazo europeo ata as primeiras transformacións industriais das sociedades agrarias, analizando as súas características principais, así como a súa persistencia na sociedade actual e no contorno inmediato.

CA2.1. Analizouse a transformación do mundo antigo no medieval, recoñecendo a evolución do espazo europeo, as súas relacións co espazo extraeuropeo e as características máis significativas das sociedades medievais en Galicia e en España.

CA2.2. Valoráronse as características das paisaxes agrarias medievais e a súa persistencia nas sociedades actuais galega e española, identificando os seus elementos principais.

CA2.3. Valoráronse as consecuencias da construción dos imperios coloniais en América nas culturas autóctonas e nas europeas.

CA2.4. Analizouse o modelo político e social da monarquía absoluta durante a Idade Moderna nas principais potencias europeas, así como as súas

peculiaridades en Galicia e España.

CA2.5. Valoráronse os indicadores demográficos básicos das transformacións na poboación europea, española e galega durante o período analizado.

CA2.6. Describíronse as principais características da análise das obras pictóricas a través do estudo de exemplos arquetípicos das escolas e dos estilos que se suceden en Europa, en España e en Galicia desde o Renacemento ata a irrupción das vangardas históricas.

CA2.7. Analizouse a evolución do sector ou dos sectores produtivos propios do perfil do título, analizando as súas transformacións e os principais fitos de evolución nos seus sistemas organizativos e tecnolóxicos.

CA2.8. Elaboráronse instrumentos sinxelos de recollida de información mediante estratexias de composición protocolizadas, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.

CA2.9. Desenvolvéronse comportamentos acordes co desenvolvemento do propio esforzo e o traballo en equipo.

COMUNICACIÓN EN LINGUA INGLESA I

CA1.1. Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.

CA1.2. Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.

CA1.3. Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.

CA1.4. Identificáronse trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe.

CA1.5. Realizáronse presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos.

CA1.6. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.

CA1.7. Expresouse con certa claridade, usando unha entoación e unha pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes.

CA1.8. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

CA1.9. Identificáronse as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira.

CA1.10. Identificáronse os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.

RA2. Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.

CA2.1. Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible.

CA2.2. Mantívose a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para amosar o interese e a comprensión.

CA2.3. Utilizáronse estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira, como a observación da persoa interlocutora e a procura da súa axuda para facilitar a bidireccionalidade da comunicación.

CA2.4. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.

CA2.5. Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

RA3. Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional, desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.

CA3.1. Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto.

CA3.2. Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.

CA3.3. Identifícanse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.

CA3.4. Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.

CA3.5. Elaboráronse textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados.

CA3.6. Utilizouse o léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional.

CA3.7. Amosouse interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión.

CA3.8. Utilizáronse dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.

CA3.9. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Este módulo profesional consta das seguintes unidades formativas: Ciencias Sociáis , inglés e comunicación en Lingua castelá e lingua galega.

A nota final do alumno/a en cada avaliación será o resultado dos porcentaxes que a continuación se explican:

SOCIEDADE (25% da nota total)E COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA E CASTELÁ (50% da nota total):

Faráanse exames de cada unidade ou de parte da unidade no caso de que esta sexa moi extensa. A nota final será a resulta da media das diferentes probas.

Polo tanto teranse en conta os seguintes apartados:

a. Probas escritas e/ou prácticas 60%.

Como norma xeral farase unha proba por unidade. Se hai varias probas escritas e/ou prácticas calcularase a media aritmética.

b. Traballos e caderno 30%.

Alguns destes traballos e exercicios teranse que entregar nas condicións e prazos fixados. No caso de non entregar algún traballo en condicións e prazos fixados, a nota deste apartado será cualificado coma un 0. Os traballos serán valorados tendo en conta: o contido, a presentación, a comprensión e a exposición oral dos mesmos na clase. Serán valorados cun 0 os traballos e exercicios nos que se aprecie a técnica de "copiar e pegar". Ao finalizar cada unidade revisarase o caderno valorando a súa completitude e orde.

c. traballo de aula e deberes 10%.

Neste apartado valoraranse o traballo diario na aula, a atención na clase e a entrega de exercicios voluntarios.

Considerarase como unha mostra de deixadez por parte dun alumno que presente problemas para a comprensión do Módulo ou que por calquera motivo teña faltado a clase, o feito de non falar co profesor para aclaralas súas dúbidas e pórse ó día na materia. Polo tanto, a ausencia á clase non é pretexto para o descoñecemento dalgunha norma ou tarefa que se teña ditado durante a mesma.

INGLÉS: (25 % da nota total)

Para calcular a nota final de cada avaliación teranse en conta os seguintes apartados:

Probas escritas: 50%

Traballos e exercicios puntuables. Traballo de aula e deberes: 50%

AVALIACIÓN FINAL

A nota da avaliación final será a media aritmética das notas das tres avaliacións.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a. Procedemento para definir as actividades de recuperación do alumnado que teña unha calificación negativa nunha avaliación:

O alumnado realizará exercicios de reforzo da/s unidade/s a recuperar, para que poida mellorar naqueles aspectos que non domina, dándolle a oportunidade de seguir o ritmo do grupo, evitando deste xeito a sensación de fracaso. Para que o docente poida valorar máis positivamente isto, realizaráselle con posterioridade unha proba escrita por avaliación, relacionada cos mesmos contidos vistos en cada trimestre.

b. Procedemento para definir as actividades de recuperación do alumnado que ten o módulo suspenso despois da última avaliación parcial anterior á avaliación final:

Establecerase un período de recuperación no que se repasarán contidos.

Ao finalizar ese período farase unha proba que será comunicada no calendario de clase, ao titor correspondente e a Xefatura de estudos.

Na materia de lingua inglesa, realizarase unha proba de recuperación no 3º trimestre.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos/as que non superen a avaliación final faráselle un informe individualizado onde se detallarán as partes da materia que deben superar xunto coas actividades que servirán de guía para a superación de dita avaliación nunha proba extraordinaria.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase unha revisión por cada unidade da programación para adaptala ás necesidades do grupo de alumnado. Esta programación é flexible polo que será posible alterar a orde dos contidos, profundizar nalgúns, tratar con maior superficialidade outros ou variar o ritmo de avance en función da resposta grupal.

O seguimento da programación quedará reflectido no aplicativo "Programacións". Ademais, os resultados de cada avaliación serán recollidos nas actas do Departamento de Lingua castelá e literatura.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

COMUNICACIÓN E SOCIEDADE: o alumnado realizará diferentes actividades de comprensión e de expresión tanto oral como escrita para determinar o punto de partida. Na parte de lingua e literatura, utilizaranse textos, lecturas en voz alta, exercicios de gramática, léxico e redacción. Na parte de sociedade utilizaranse mapas, videos e documentos referentes a xeografía e historia adaptados ao nivel de cursos anteriores, preferentemente de 2º de ESO.

INGLÉS: Na avaliación inicial proporase unha proba xeral de nivel na que o alumnado terá que demostrar o nivel acadado durante a súa etapa de formación anterior en lingua inglesa.

As valoracións terán un carácter cualitativo e serán comunicadas na sesión de avaliación inicial fixada pola Xefatura de estudos e dirixida polo profesor titor.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os alumnos/as que se atopen con dificultades no desenvolvemento deste programa recibirán por parte do profesorado atención personalizada de reforzo en recreos e horas de tutoría, así como materiais adicionais para traballar aqueles aspectos que lles resulten máis dificultosos.

As medidas de reforzo centraranse en:

Tempo e ritmo de aprendizaxe.

Metodoloxía máis personalizada.

Reforzar as técnicas de aprendizaxe.

Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.

Aumentar a atención orientadora.

Atención especial a alumnos/as con NEE.

Apoio da profesora do programa PROA +.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Para acadar un bo clima escolar que favoreza a convivencia e a resolución dialogada de conflitos e o que queremos concretar nos valores a desenvolver no noso alumnado. Isto podémolo reflectir na práctica e na interiorización dos valores democráticos e constitucionais na aula con:

- Respecto e valoración dos e das compañeiros/as.
- Capacidade de traballo cooperativo en equipo.
- Calidade nas súas aportacións e suxestións nas tarefas de grupo.
- Realización puntual das tarefas amosando motivación e esforzo pola asignatura.
- Realización das súas actividades amosando sensibilidade.

Esta educación en valores podemos integrala da seguinte forma:

- Educación moral e cívica: aceptación dos demais a través do fomento das actividades grupais e mellora do coñecemento doutras culturas.
- Educación para a saúde: incidiremos nos hábitos alimenticios e na práctica do deporte a través de textos, vídeos... ao tempo que contribuímos na educación da voz e na corrección postural necesaria na aula.
- Educación do consumidor: o alumnado desta etapa, gran consumidor de produtos, aprende a adquirir unha actitude crítica, consciente e responsable cara o consumo.
- Educación ambiental: é necesario concienciar ao alumnado fronte á presenza indiscriminada e abusiva do son na contorna (contaminación acústica), fomentando a formación dunha actitude consciente e crítica, ao igual que na reciclaxe.
- A igualdade entre ambos sexos: o alumnado debe rexeitar actitudes estereotipadas acerca dos papeis masculino e feminino, orixinados na maxinación histórica da muller nos campos que supoñen unha proxección social.

Os materiais a utilizar non dan cabida a ningún tipo de discriminación relacionada co sexo. A igualdade entre homes e mulleres promoverase a través da intervención equitativa de alumnos e alumnas na práctica diaria.

Na práctica docente diaria trabállanse algúns aspectos recollidos explicitamente na Educación para a cidadanía:

A práctica na aula supón moitas veces traballar en grupo, o que permite por en práctica contidos relacionados co entramento no diálogo e no debate ou a aproximación respectuosa á diversidade persoal e cultural.

Fomentaranse na aula actitudes de respecto ás normas de convivencia do centro.

A paz e a solidariedade traballaránse explicitamente como contido en relación coa lingua inglesa na sesión previa á celebración do día da Paz.

A liberdade, a xustiza, a igualdade ante a lei, o rexeitamento á discriminación por raza, sexo, relixión e o pluralismo, concréntanse na práctica docente diaria a través da propia diversidade existente entre o alumnado da aula e o cumprimento das normas do centro e da aula por parte de todos en igualdade de condicións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Dende o comezo de curso contémplanse actividades para levar a cabo tanto a nivel de grupo como en colaboración con outros departamentos, vicedirección, biblioteca e Equipo de dinamización da lingua galega. Se é posible, realizaranse visitas a exposicións, proxectos de lectura que inclúen saídas didácticas e a participación nas actividades do centro recollidas no calendario escolar.